

COMPOSICIÓN 4. A construción do Estado liberal. Principios e Familias.

O reinado de Isabel II suporá o final definitivo do Antigo Réxime e o triunfo do Liberalismo doutrinario. O apoio dos absolutistas apostólicos ó irmán de Fernando VII e o inicio das Guerra Carlistas, farán inevitable, para consolidar a monarquía de Isabel, a procura do apoio dos liberais, que foran continuamente perseguidos durante o reinado do seu pai Fernando VII. No reinado de Isabel II vai haber unha identificación clara co moderantismo. A rexente e a raíña sempre chamarán a gobernar ós moderados, quedando os progresistas excluídos do goberno. A estes non lles quedará máis remedio que recorrer ós pronunciamentos para acceder ó goberno.

Ó inicio do reinado xa aparecen diferenciadas as 2 familias políticas do Liberalismo que predominarán ó longo do reinado, os moderados e progresistas, ambos partidarios do **Liberalismo Doutrinario**. O Liberalismo Doutrinario defende unha **Monarquía Constitucional**, a **concesión de amplos poderes ó Rei**, **quen exerce en exclusiva o poder executivo e comparte co Parlamento, As Cortes, o Poder Lexislativo, o sufraxio censatario (moi restrinxido), uns dereitos limitados...**

As diferenzas entre progresistas e moderados centraranse na **soberanía** (compartida entre o Rei e As Cortes para os moderados, soberanía nacional para os progresistas); **poderes da Raíña** (Amplos poderes cos moderados, máis limitados cos progresistas); **relixión** (Estado confesional cos moderados, tolerancia relixiosa dos progresistas); **Milicia Nacional** (impulsada polos progresistas, rexeitada polos moderados); **concellos** (alcaldes electos para os progresistas, designados polo goberno cos moderados); **sufraxio censatario** (cos moderados pode votar o 1% dos homes maiores de idade, cos progresistas, 5%). Os progresistas van ser apoiados polas clases medias e a pequena burguesía, mentres que os moderados son apoiados pola nobreza, alta burguesía e a propia Raíña. O único recurso que vai ter o partido que non está no goberno para acceder a el vai ser o pronunciamento. Esta realidade vai supoñer o nacemento da figura dos **espadóns**, militares que lideran ós partidos políticos do reinado. No partido moderado destacará Narváez e O'Donnell, fundador da Unión Liberal e no partido progresista, as principais figuras serán os xenerais Espartero e Prim. Mentres é menor de idade a raíña Isabel II, 1833-1843, sucédense as rexencias de María Cristina, nai de Isabel ata 1840, e, tralo triunfo dun pronunciamento progresista e o exilio da rexente, a Rexencia de Espartero, 1840-1843.

A Rexencia de María Cristina (1833-1840) vai estar marcada polo desenvolvemento da 1ª Guerra Carlista, que enfronta ós partidarios de Don Carlos, irmán de Fernando VII, cos partidarios de Isabel, entre os que destacarán os liberais moderados, despois de que ó morrer Fernando VII déixese de perseguir ós liberais, ante a necesidade de apoios para a causa da futura raíña. O **Estatuto Real de 1834**, verdadeira carta outorgada, inicia o punto final do Antigo Réxime en España, ó conceder a rexente a existencia dunhas Cortes bicamerais, pero sen que se recolla nin a separación de poderes, nin dereitos nin liberdades e reserva a participación política exclusivamente ás clases posuidoras.





Os progresistas, afastados sempre do goberno, recorreron a pronunciamentos para acceder a el. En 1836 triunfará un protagonizado polos sarxentos do Pazo da Granxa e como consecuencia os progresistas restablecerán a Constitución de 1812, implantarán a desamortización de Mendizábal, co propósito de acadar fondos para soste a Guerra Carlista, e promulgarán a Constitución de 1837.

Constitución progresista de 1837: É unha constitución transaccional que pretende ser aceptada tanto por moderados como por progresistas pois ambos deben estar unidos contra o carlismo. Na Constitución atópanse ó mesmo tempo principios moderados e progresistas. Como principios progresistas destacan a soberanía nacional, aínda que relegada ó preámbulo, os membros dos Concellos e Deputacións son electos, contéplase a Milicia Nacional e os xurados para delitos de imprenta. Principios moderados son os amplos poderes do Rei, que posúe o veto absoluto das leis e o poder de convocar e disolver As Cortes libremente; o Senado combina membros electos e senadores designados polo Rei, as relacións Igrexa-Estado exprésase de forma ambigua, aínda que se introduce a obriga do Estado de manter o culto e o clero.

A exclusión dos progresistas do poder, o fin da 1ª Guerra Carlista e o aprobación polo goberno moderado da Lei de Concellos de 1840, contraria á autonomía dos concellos e que contemplaba que os alcaldes fosen elixidos pola Coroa e o goberno, foron causas que motivaron o pronunciamento progresista de Espartero de 1840 e que implicou o exilio da rexente María Cristina e o inicio da **Rexencia de Espartero (1840-1843)**: A súa rexencia caracterizouse polo autoritarismo e a adopción de medidas violentas. Espartero continuou coa desamortización emprendida por Mendizábal, aínda que os bens ós que ía dirixida eran os do clero secular e o seu obxecto, poder facer fronte ó sostemento do culto e clero. Rematada a guerra intentou resolver o problema foral do País Vasco e Navarra. A esta, a lei paccionada, recoñecíalle o mantemento das institucións propias e a autonomía fiscal, en troques do recoñecemento da Administración Central, o sistema electoral e un cupo económico. O País Vasco negouse a facer ningunha concesión e por iso lle foron retirados os seus privilexios forais (en certa medida recuperados en 1844 trala caída de Espartero).

O autoritarismo de Espartero e a toma de decisións violentas, como o de bombardeo de Barcelona en 1842 tras sublevarse contra a política económica de Espartero que ameazaba os intereses dos industriais cataláns, provocou a oposición non só dos moderados, senón tamen de progresistas que apoiaron o pronunciamento que en 1843 significou o final da Rexencia e deu paso á declaración de maior de idade da raíña Isabel II con 13 anos.

O Reinado de Isabel II. 1843-1868: Tras un breve goberno progresista, iníciase un longo período de goberno moderado, a **Década Moderada (1844-54)**. Neste período crearanse as institucións fundamentais do Estado Liberal centralista e uniforme: créase a Administración central, cos ministerios, o Tribunal Supremo; apróbanse os Códigos civil e penal; lévase adiante a reforma tributaria de Mon




e Santillán que suprime os múltiples impostos, restos do Antigo Réxime, actualizándoos ó dividilos en impostos directos, sobre a propiedade agraria, industrial e comercial, e indirectos, sobre hipotecas e, especialmente o de consumos que afectará moi negativamente ás clases populares.

Crearán a Garda Civil para actuar contra o bandoleirismo nas zonas rurais. Reducen a participación política cunha nova lei municipal en 1845 que impón a elección de alcaldes de cidades con máis de 2.000 veciños polo goberno, e os alcaldes de núcleos menores polos gobernadores civís. Ademais en 1845 , unha vez superada a Guerra carlista, cando xa non é preciso o apoio de todos os liberais e co dominio no goberno e nas Cortes dos moderados, estes van aprobar unha nova Constitución, a de 1845, que seguirá fielmente os principios do moderantismo.

A Constitución non nace dun proceso constituínte, senón dunha Cortes ordinarias para a reforma da Constitución de 1837. Na Constitución de 1845 establécese a soberanía e o poder lexislativo compartidos entre o Rei e As Cortes e concédense amplos poderes á Raíña, a quen lle corresponde designar un número ilimitado ós Senadores. O Estado recoñece á relixión católica como a relixión da nación. Restrínxense as liberdades, implantándose a censura previa de prensa. Recoñecíase a inmovilidade dos xuíces, pero fálase de administración de xustiza, non de poder xudicial. Tamén se suprimen os xurados e a Milicia Nacional e os alcaldes son designados polo goberno.

En 1846 os moderados implantan unha nova lei electoral que diminúe notablemente o número de votantes (menos dun 1%) e suprimen os distritos electorais provinciais instaurando un grande número de distritos unipersoais (máis doados a ser mediatizados polo goberno). En 1851 o goberno moderado asina un Concordato coa Santa Sede polo que a igrexa aceptaba a desamortización a cambio do mantemento da Igrexa Católica, recoñecida como única e oficial do Estado. En 1852 os moderados aprobaron a reforma da Administración Pública que regulou todo el sistema de funcionariado, categorías, carreira administrativa...

En 1848 iníciase en Francia unha vaga revolucionaria que se espallará por grande parte de Europa e que por primeira vez postulará os principios do Liberalismo Democrático. Esta vaga revolucionaria, aínda que non tivo eco en España por mor do goberno ditatorial de Narváez, influíu no nacemento do Partido Demócrata en 1849. Nacido a partir da ala esquerda do Partido Progresista, tivo en José María Orense un dos seus principais representantes e fundadores. O Partido defende os principios do Liberalismo democrático, a soberanía nacional ou popular, a Monarquía Parlamentaria, a ríxida separación de poderes, a declaración de dereitos do home (introducindo os dereitos de reunión, asociación, liberdade de conciencia, instrución primaria gratuíta), o sufraxio universal masculino, Parlamento unicameral, carácter electivo de concellos e Deputacións, xuízos por xurados en todo tipo de delitos... A maioría dos membros do Partido Demócrata serán partidarios da República.




Desde 1853 asístese a unha grave crise política por mor de diversos factores como a división entre os moderados, a inestabilidade dos gobernos (cada vez máis ultramoderados, en parte pola influencia sobre a raíña exercen do seu confesor, pai Claret e Sor Patrocinio) e os escándalos por accións especulativas e corrupción administrativa, como o escándalo das concesións ferroviarias.

En 1854, ano onde a poboación está sometida a unha grave carestía dos grans, o xeneral moderado O'Donnell, encabeza un pronunciamento, a **Vicalvarada**, ó que se acabarán unindo, tralo Manifesto de Manzanares, progresistas e demócratas. Iníciase así un novo período do reinado, o **Bienio Progresista (1854-1856)**, período no que se levarán adiante importantes medidas económicas como a Desamortización de Madoz ou a Lei de Ferrocarrís, ambas en 1855. O Bienio remata cun golpe de Estado do xeneral O'Donnell que afasta do goberno ós progresistas de Espartero.

O Triunfo de O'Donnell, que en 1854 fundara o partido da **Unión Liberal**, formado coa integración dos elementos menos conservadores do Partido Moderado e os máis dereitista do Partido Progresista, e que contará cun grande apoio dentro do exército, iniciará unha nova etapa **A Década Moderada-Unionista(1856-1866)**, na que moderados e Unión Liberal alternaranse no poder. O aspecto máis relevante deste período vai ser a intervención en empresas militares no exterior, Cochinchina, Marrocos, México, Perú. En 1866 tralo fusilamento dos sarxentos do cuartel de San Gil, que iniciaran un pronunciamento progresista e demócrata contra a raíña, a raíña Isabel II retira a súa confianza ó xeneral O'Donnell, concedendo o goberno ó xeneral Narváez, dando comezo o **Bienio Ultramoderado (1866-1868)**, no que Narváez vai gobernar ditatorialmente, pechando periódicos, perseguindo a progresistas e demócratas, reprimindo ós estudantes na noite de San Daniel...

A exclusión dos progresistas e da Unión Liberal durante o goberno ultramoderado de Narváez propiciará o asinado do Pacto de Ostende en 1866 entre progresistas e demócratas, ós que se unirá a Unión Liberal no Pacto de Bruxelas en 1867, trala morte do xeneral O'Donnell, co obxecto de derrocar a raíña Isabel II. En 1868, en plena crise económica e de subsistencias, unha revolución, **A Gloriosa**, pronunciamento do exército e da Armada liderado polos xenerais Prim e Serrano e o Almirante Topete, rematará co reinado de Isabel II e propiciará a primeira experiencia democrática en España durante o Sexenio Revolucionario (1868-1874).

O protagonismo político que o moderantismo concedía á monarca, quen podía elixir libremente os gobernos e disolver As Cortes; o seu aliñamento cos moderados, chamados sempre a gobernar pola Raíña, coa conseguinte exclusión dos progresistas e o seu necesario recurso ó pronunciamento; a influencia dunha camariña próxima á raíña, que suscitou numerosos escándalos; a corrupción política; a realidade dun sistema por e para unha minoría afastada da sociedade; o crecemento da oposición e a grave crise económica dos últimos anos propiciaron o triunfo do Liberalismo Democrático.



Juan Antonio Sola (1791-1861) y Alejandro Mon (1801-1882). Dos funcionarios arribados de la reforma fiscal de 1845; el primero, como redactor del proyecto y el segundo como ejecutor desde el Ministerio de Hacienda. Con los cambios que introdujeron se creó el primer sistema fiscal español unitario, con un conjunto de cinco impuestos aplicables en todo el territorio nacional



Documentos

As clases propietarias, comerciais e industriosas, iniciáronse nos misterios da intelixencia que lles revelaron a arte de gobernar e lles confiaron o exercicio da soberanía, que lles pertence despois de que lles fose revelado. Se unicamente a estas clases pertence o exercicio da soberanía porque (...) son intelixentes, soamente a estas clases pertencen os dereitos políticos porque (...) poden exercer lexítimamente a soberanía.

DONOSO CORTÉS. Ensaio sobre o catolicismo, o liberalismo e o socialismo. 1851

“Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e de raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganlas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre tódolos outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros.

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións.”

O republicano Fernando Garrido caracteriza así as tendencias políticas en 1860.

Sendo a vontade da nación revisar, en uso da súa soberanía, a Constitución política promulgada en Cádiz o 19 de marzo de 1812, as Cortes xerais congregadas a este fin decretan e sancionan a seguinte Constitución. (...)

Art.2. Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con subxección ás leis. (...) *Art.4. Uns mesmos códigos rexerán en toda a Monarquía*

Art.11. A nación obrígase a manter o culto e os ministros da relixión católica que profesan os españois. Art.12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art.13. As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados. (...)

Art.15. Os senadores son nomeados polo rei, a proposta, en tripla lista, dos electores que en cada provincia nomean os deputados a Cortes. (...)

Art.22. Os deputados elixíranse polo método directo (...).

Art.36. O rei e cada un dos corpos colexisladores teñen a iniciativa das leis. (...)

Art.45. A potestade de facer executar as leis reside no rei (...)

Art.63. Aos tribunais e xulgados pertence exclusivamente a potestade de aplicar as leis (...).

Art.70. Para o goberno interior dos pobos haberá Concellos, nomeados polos veciños. (...)

Art.77. Haberá en cada provincia corpos de Milicia Nacional.

Constitución de 1837

Dona Sabela II, pola graza de Deus e da Constitución da monarquía española, raíña das Españas, (...) sabede: Que (...) decidimos, en unión e de acordo coas Cortes (...) decretar e sancionar a seguinte Constitución. (...)

Art.11. A relixión da nación é a católica, apostólica e romana. O Estado obrígase a manter o culto e os seus ministros.

Art.12. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.

Art.13. As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...)

Art.14. O número de senadores é ilimitado. O seu nomeamento pertence ao Rei (...).

Art.15. Unicamente poderán ser nomeados senadores os españois que, ademais de ter trinta anos cumpridos, pertenzan ás seguintes clases: presidentes dalgún dos corpos colexisladores (...); ministros da Coroa; conselleiros de Estado; arcebispos; bispos; Grandes de España; capitáns xenerais do exército, (...) ademais de percibir 30.000 reais de renda procedentes de bens propios ou de salarios (...).

Art.19. O cargo de senador é vitalicio.

Art.21. O Congreso dos Deputados comporase dos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei (...).

Art.23. Para ser deputado requírese ser español, do estado secular, ter cumprido vinte e cinco anos, percibir unha renda procedente de bens raíces ou pagar por contribucións directas na cantidade que a lei electoral esixa.

Constitución

de 1845